

RESOLUCIÓN do 10 de xullo de 2020, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para ingresar por quenda libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia

Nas sesións que tiveron lugar os días 26 de xuño e 1 e 7 de xullo de 2020, o tribunal nomeado por Resolucións da Presidencia, do 23 de outubro de 2019 (BOPG número 553, do 24 de outubro de 2019), e 17 de xuño de 2020 (BOPG número 648, do 2 de xullo de 2020), para cualificar o proceso selectivo para ingresar por quenda libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia, convocada por acordo de Mesa do 8 de xullo de 2019,

ACORDOU:

Primeiro. De acordo co establecido na base 6.1.3 da convocatoria o tribunal cualificou entre 0 e 18 puntos o terceiro exercicio, consistente no desenvolvemento de tres temas elixidos polos aspirantes entre os propostos polo tribunal, valorando os coñecementos reflectidos, o enfoque axeitado dos temas, a claridade e orde de ideas e a calidade da expresión escrita. As cualificacións, que se indican no seguinte cadro, son o resultado da suma dos puntos obtidos en cada tema desenvolvido

CUALIFICACIÓNS DO 3º EXERCICIO PARA O CORPO SUPERIOR DO PARLAMENTO DE GALICIA

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CUALIFICACIÓN
1	GONZÁLEZ ALONSO	DAVID	***5631**	11,23
2	LORENZO CEA	ELENA MARÍA	***9654**	7,03
3	LUEIRO BUSTO	SERGIO	***1221**	12,39
4	NOYA CORBELLE	NATALIA	***0974**	14,52
5	ORODEA PIÑEIRO	AINHARA MAITE	***7553**	13,31
6	UTRERA IGLESIAS	DAVID MARTÍN	***9236**	13,10

De conformidade coa antedita base 6.1.3, para superar este exercicio é necesario obter un mínimo de nove (9) puntos, polo que resulta que superan este terceiro exercicio un total de 5 aspirantes.

Segundo. De conformidade co disposto na base 6.1.4 o cuarto exercicio (proba de galego) será só para as persoas aspirantes que superaron os tres exercicios anteriores.

Están exentos da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten a posesión do Celga 4 ou curso de perfeccionamento de coñecemento da lingua galega, ou a correspondente validación expedida polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde de 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

Os documentos que xustifiquen a exención (orixinais ou fotocopias compulsadas ou documentos verificables electronicamente), de non obrar en poder da Administración parlamentaria, **deberán ser presentados polas persoas aspirantes que superen o terceiro exercicio no prazo máximo de 3 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación das cualificacións.**



PARLAMENTO
DE GALICIA

Transcorridos os tres días, de haber algún aspirante que non teña xustificada a exención, realizarase a convocatoria para a realización deste exercicio e publicarase unha listaxe das persoas que están obrigadas a facelo. A non aceptación da solicitude de exención entenderase implícita na inclusión nesta listaxe e a súa publicación servirá de notificación a quen teña solicitada a exención.

No caso de que todos os aspirantes estean exentos da realización do cuarto exercicio, publicarase a cualificación final da oposición.

Terceiro. Esta resolución, segundo se establece na base 6.3 da convocatoria, publicarase na páxina web do Parlamento de Galicia e no taboleiro de anuncios da Administración parlamentaria.

Santiago de Compostela, a 10 de xullo de 2020

A Presidenta do Tribunal

Purificación López Gómez